

O PSdeG lamenta a actitude do PP de Baralla que trasladou a toda España a imaxe dun concello franquista

Os socialistas denuncia que o Partido Popular barallés “carretou a ducias de pedáneos afíns” á sesión plenaria extraordinaria “para jalear ó Alcalde” ante a presenza de medios de comunicación de todo o país “González Capón fixo *turismo franquista*”, xa que non se posicionou en contra dos tribunais franquistas, limitándose a reiterar as súas xustificacións e convidando ós presentes a coñecer o Concello

O PSdeG provincial de Lugo lamenta a actitude do PP de Baralla logo de que no pleno extraordinario deste xoves todos os Concelleiros populares se convertesen en cómplices do Alcalde, Manuel González Capón, ó votar en contra da súa dimisión a pesares das “graves, intolerables e antidemocráticas” manifestacións do Rexedor, que foi capaz de asegurar, textualmente, que “os condenados a morte” durante o franquismo “será porque o merecían”.

O socialistas denuncia que o Partido Popular de Baralla “carretou a ducias de pedáneos afíns” á sesión plenaria “para jalear a González Capón, trasladando a imaxe dun concello franquista” ás ducias de medios de comunicación de toda España presentes na sesión plenaria.

O PSdeG lamenta que o Alcalde de Baralla convertese un acto en repulsa da ditadura nun acto de promoción turística, xa que o Rexedor non se posicionou en contra da lexitimidade dos tribunais franquistas, limitándose a xustificar de novo as súas declaracións, reiterando que foron “froito dun acalorado debate”, e asegurando que “hai que ver o lado positivo do acontecido” para convidar posteriormente ó cento de persoas presentes a coñecer o Concello. González Capón fixo “*turismo franquista*”, remarkan os socialistas.

Lugo, 22 de agosto de 2013

Saúdos,
Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo